

A PORTUGUESA

[Rita Azevedo Gomes, 2018]

517

ESTREA EN NUMAX: 26.04.2019 | V.O.S.G. | TP

A Portuguesa (2018, 136')

Dirección: Rita Azevedo Gomes

Guión: Rita Azevedo Gomes (Diálogos: Agustina Bessa-Luís | Relato: Robert Musil)

Elenco: Clara Riedenstein, Marcello Urgeghe, Ingrid Caven, Rita Durão, Pierre Léon

Son: Olivier Blanc

Montaxe: Rita Azevedo Gomes

Dirección de arte: Roberta Azevedo Gomes, Elsa Bruxelas

Vestiario: Rute Correia, Tânia Franco

Música: José Mário Branco

Fotografía: Acácio de Almeida

Produtoras: Basilisco Filmes

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Portuguésa, alemán

PREMIOS E FESTIVAIS

Las Palmas 2019 (Lady Harimaguada de Ouro a Mellor Filme), Berlinale Forum 2019, Mar del Plata 2018

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Correspondencias, 2016

A vinganza dunha muller, 2012

Frágil Como o Mundo, 2002

O Som da Terra a Tremer, 1990

SINOPSE

Estamos na Idade Media, inestábel e caótica. A moza e encantadora esposa portuguesa de Lord von Ketten múdase a un antigo castelo no norte de Italia. El está preparado para volver á guerra e loitar pola súa terra contra o bispo de Trento, namentres ela fica confinada durante once longos anos. A señora von Ketten le, canta, soña, baila, nada, cabalga no bosque á espera de poder regresar ao xogo do amor. Conseguirá a portuguesa vencer onde a morte parece querer entrar? Inspirada no conto *Die Portugiesin*, de Robert Musil con diálogos de Agustina Bessa-Luís.

SESIÓN REALIZADA EN COLABORACIÓN
CO INSTITUTO CAMÕES



«Un novo milagre filmico
de luz, palabra e emoción»

Daniel de Partearroyo, CINEMANÍA



Nota de intención da directora

Aquí, como nos meus filmes precedentes, todo comeza na miña imaxinación, despois pasa á miña vida e nela mantense moito tempo despois de ter rematado o filme. A realidade é moi complexa, as historias danlle forma. O reflexo da vida é, por veces, máis interesante que a propia vida.

Este conto de Robert Musil, enigmático e libre de psicoloxía, ten algo a ver con isto. Agustina Bessa-Luís, nunha escrita sen vacilacións, insire os espazos insondáveis da novela de Musil en trazos moi concretos pero que, ao mesmo tempo, non nos din todo, intríganos. O non dito seduce moito. Todo o que pasa entre a Portuguesa e o seu marido (Von Ketten) apousa no non dito. Ninguén sabe con certeza se realmente existiron ou non. Non é a veracidade disto o que importa. Esta historia, nun determinado período da Historia, arredor do Principado Episcopal de Trento, aproxímanos moito a unha serie de feitos que reflicten, en moitos aspectos, o tempo actual, partindo do principio de que os nosos antepasados non eran diferentes, simplemente vivían nun tempo diferente. Non me interesa tanto de onde veñen as cousas como cara a onde as quero levar. Se é verdade que unha persoa só realiza un único filme ao longo da súa vida, tamén é verdade —polo menos no meu caso— que o filme se esnaquiza a cada vez en mil pedazos para voltar a reconstruírse doutra maneira. Nese sentido serei sempre unha aprendiz. Non procuro a reconstrución histórica. Non desexo recuperar o pasado,

e menos un tan afastado, non creo que iso sexa posíbel nin teña razón de ser. Do texto de Musil gústame especialmente o que nel hai de contemporáneo.

Interésame todo o que hai de decisivo na vida; o que desafia o destino e o que acontece alén do entendemento. Como Musil dixo algunha vez: a grandeza humana ten raíces no irracional. E se filmo unha árbore, un río, unha estrada, é só iso o que procuro entender e expresar.

“A intuición é a miña principal ferramenta de traballo”

Entrevista con Rita Azevedo Gomes

Por Javier Yuste

Como xurdiu a idea de adaptar a Robert Musil? Merquei *Tres mulleres*, o libro que inclúe o relato no que se inspira o filme, hai xa moitos anos nunha librería de Porto. O que me atraíu foi a súa cativadora capa, pero non o lin nese intre. Foi moito tempo despois cando saquei o libro do andel, tras conversar unha tarde con Agustina Bessa-Luís sobre o escritor austríaco e sobre os motivos que o levaron a escribir o relato titulado *A portuguesa*. Paréceme que ese conto en concreto é extraordinario e cando volví encontrar-me con Agustina propúxenlle que escribise unha adaptación para cinema. Ela aceptou encantada porque lle apaixonaba a historia. En 2006 ou 2007 entregoume

seis ou sete páxinas de diálogos. Despois cruzáronse varios proxectos, pero hai dous anos relín o texto elaborado por Agustina e cheguei á conclusión de que tiña que rodar esta historia o antes posíbel.

Como traballou a posta en escena? A intuición é a miña principal ferramenta de traballo, aínda que tento xustificar as decisións que tomo. Realmente estábamos a pintar un cadro. Se hai algún elemento que non achega gran cousa retíroo do plano. Antes de nada, tento axudar aos actores a interpretar as súas liñas. Non me gusta que haxa moita xente a se mover na escena porque distrae a atención do espectador.

Que referencias pictóricas utilizou no filme? Non me inspirei en ningún estilo concreto. Evidentemente, hai un maior peso das obras do Renacemento ou da Idade Media. Pero tamén te tes que adaptar aos materiais e tecidos dos que dispós. Tento coller todo o que me gusta, remexelo e entregalo dunha forma completamente diferente. Busco fuxir dos clichés. Este non é un filme rigoroso nin fiel a unha época porque non sei que significa iso.

Cal é a situación do cinema portugués na actualidade? Aínda que nunca gozamos das condicións axeitadas, en Portugal sempre houbo moita liberdade. O cineastas cortamos onde queremos e traballamos cos actores que nos gustan e iso é extraordinario. Porén, temos un problema grave coa distribución. Non temos nin un circuíto nin un mercado importante.

Publicado en El Cultural, 19-25 de abril de 2019
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRERÍA NUMAX

A portuguesa e outras novelas,
Robert Musil. Dom Quixote, 2008

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax